



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE DECEMBRO DE 2019

### LICENZAS

#### FAVORABLES

**LIC/1346/2019.- CD CONSTRUCCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMAS, SLU.-** Conceder licenza para obras de instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Doutor Maceira nº 22.

**LIC/1347/2019.- CD CONSTRUCCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMAS SLU.-** Conceder licenza para obras de instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Doutor Maceira nº 24.

**LIC/1647/2018.- INDUAMIO, S. L.-** Conceder licenza de obras para construción dunha nave industrial sen uso definido na rúa Polonia, 29 (parcela 84 do SUNP-37-1º sector).

**2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para obras de instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Doutor Maceira nº 22. LIC/1346/2019.** Concédese a licenza.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para obras de instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Doutor Maceira nº 24. LIC/1347/2019.** Concédese a licenza.

**4.- Proposta do concelleiro substituto da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para construción dunha nave industrial sen uso definido na rúa Polonia, 29 (parcela 84 do SUNP-37-1º sector). LIC/1647/2018.** Concédese a licenza.

**6 a 43.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) e no imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU).** Concédense os beneficios fiscais solicitados.

**44.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións na taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.** Concédense as exencións solicitadas.

**46.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rectificación do acordo da sesión de data 5.4.19 de bonificación no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.** Rectifícase o acordo.

**47.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rectificación do acordo da sesión de data 1.7.19 de bonificación no imposto sobre bens inmobles.** Rectifícase o acordo.

**48.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa á devolución de fianza do contrato de "Subministro de mobiliario e equipamento para o Centro Sociocultural de Santa Marta, incluída no FES 2010".** Autorízase a devolución da fianza, por importe de 6.025,67 euros, constituída pola empresa Thyssenkrupp Elevadores, SL.

**49.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa á devolución de fianza do contrato de "Xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños".** Autorízase a devolución da fianza, por importe de 27.805,50 euros, constituída pola empresa Servicios y Materiales, SA..

**50.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Contratación relativa á devolución de fianza do contrato de "Prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza nas dependencias deportivas de Conxo".** Autorízase a devolución da fianza, por importe de 1.100 euros, constituída pola empresa Arines Obras y Proyectos, SL

**51.- Convalidación de gastos.** Valídanse dúas facturas de contratos menores.

**52.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.** Apróbase a proposta:

- Por entregas a conta do transporte urbano de viaxeiros correspondentes ao período xullo a outubro de 2019 a favor da UTE Autobuses Urbanos de Lugo y TRAP S.A, por importe de 1.128.306,88 euros
- Por gastos derivados en concepto de conservación, reparación e pequenas reformas en edificios e instalacións municipais no período xullo-outubro de 2019 a favor da empresa Espina y Delfín SL, por importe de 453,58 euros.
- Por gastos derivados da subministración de gas en edificios e instalacións municipais no período xuño-novembro de 2019 a favor de varios provedores por importe de 2.081,01 euros.
- Por gastos do servizo de mantemento de copiadoras instaladas en edificios e instalacións municipais a favor de varias prestatarias, por importe de 3.834,97 euros.
- Por gastos do servizo de mantemento de ascensores das distintas dependencias municipais, período setembro-novembro a favor de varias prestatarias, por importe de 1.129,33 euros.
- Por gastos en concepto de mantemento de sistemas de seguridade en edificios e instalacións municipais no período xullo-novembro a favor da empresa Sistemas de Seguridade A-1 SL, por importe de 9.618,64 euros.
- Por entregas a conta do transporte urbano de viaxeiros correspondentes ao terceiro trimestre do ano en curso a favor de Autocares Rías Baixas SL, por importe de 48.932,29 euros.
- Por gasto do patrocinio do Campionato do Mundo de Enduro os días 10, 11 e 12 de maio de 2019, a favor da empresa Móvete na Moto, por importe de 30.929,04 euros.

**53.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente "Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o expediente e o gasto e iníciase o procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 54.212,24 euros (IVE incluído).

**54.- Proposta do concelleiro delegado de Barrios e Obras relativa ao inicio de expediente de imposición de penalidades polo 3 por cento do orzamento base de licitación, así como de prohibición para contratar con esta administración contra a empresa PROYECON GALICIA SA no expediente de "Obras de rehabilitación da Finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo".** Iníciase o expediente, dándolle audiencia á empresa por un prazo de 15 días hábiles.

**55.- Nomeamento do comité de expertos de valoración de ofertas presentadas no expediente de "Reurbanización da rúa Clara Campoamor".** Noméase o devandito comité, integrado por Lourdes Pérez Castro, arquitecta e directora da Oficina Técnica do Consorcio; José Luís López Cousillas, xefe do Servizo de Obra e Edificación da Axencia Galega de Infraestruturas, e José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago.

**56.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do contrato do "Servizo de plataforma on line e formación da 2ª fase do proxecto Tropa Verde dentro do programa URBACT II.** Adxudícase o devandito servizo á empresa Teimas Desenvolvemento, SL, por un importe de 78.112,26 euros.

**57.- Proposta das concelleiras delegadas de Políticas Sociais e de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Atlético de Madrid para a coorganización e posta en marcha dun proxecto de escola social para promover o fútbol como instrumento educativo.** Apróbase o convenio.

## **URXENCIAS**

**1.- Proposta de adscrición a TUSSA da porción leste da parcela EQ-1 da Sionlla.** Acórdase regularizar a situación patrimonial da devandita parcela e adscribirla temporalmente á empresa municipal TUSSA para destinar a porción leste a depósito de vehículos retirados diariamente polo servizo de guindastre do Concello, e a porción oeste a aparcadoiro público en superficie.

**2.- Propostas de aprobación de xustificación de convenios.** Apróbanse as xustificacións de convenios presentados por: Santiago Futsal (sendo a cantidade a abonar 45.000 euros), Federación Galega de Judo (6.000 euros), Agrupación Deportiva El Correo Gallego (12.000 euros) e Asociación de Pais, Profesionais e Amigos de Persoas con Discapacidade Intelectual "Special Olympics Galicia" (3.500 euros).

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á adxudicación do contrato de adecuación da instalación eléctrica da piscina e do ximnasio de Santa Isabel.** Adxudícase o contrato á empresa Esqueiro, SL, por un importe de 70.311,91 (IVE incluído).

**4.- Proposta relativa á ocupación da parcela 32 do polígono 179 con motivo das obras de acondicionamento do río Sar: Ponte Suarribas a Ponte da Fervenza.** Proponse a José Manuel Calvelo Maza a terminación convencional do procedemento de responsabilidade pola ocupación e adquisición da devandita parcela, mediante a indemnización de 718,10 euros, e convócase ao mesmo no prazo de 20 días a formalizar/asinar a acta de cesión.

**5.- Solicitud de aprobación de tarifas do encargo dos servizos de ORA e guindastre para o ano 2019.** Apróbanse as tarifas: 34,70 euros/hora para o servizo ORA, 38,45 euros/hora para o servizo guindastre, e 39,71 euros/hora para o servizo depósito, en base aos custos de cada un dos devanditos servizos: 740.488,51 euros; 693.833,46 euros e 347.837,47 euros, respectivamente.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA para a rehabilitación e adaptación de edificio no Monte do Gozo para centro de día para atención de persoas con trastorno do espectro autista.** Concédese a licenza.